



**ADDENDA AO CONVENIO TRIANUAL DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN GALEGA DE RUGBY PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA OS ANOS 2014, 2015 E 2016**

En Santiago de Compostela, a 29 de xuño de 2015.

**DUNHA PARTE**, o Sr. D. José Ramón Lete Lasa, secretario xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias que lle outorga o Decreto 12/2012, do 4 de xaneiro polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

**DOUTRA PARTE**, o Sr. D. José Ignacio Cociña Iglesias, presidente da Federación Galega de Rugby, en nome e representación da mesma, en exercicio das facultades atribuídas ó efecto polos estatutos federativos.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar a presente addenda ao convenio de colaboración suscrito con data 18 de marzo de 2014 que establece para os anos 2014, 2015 e 2016 as bases de colaboración deportiva e económica entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Rugby e a estes efectos,

**EXPOÑEN**

1.- Coa finalidade de atender a promoción e fomento do deporte federado da súa modalidade na Comunidade autónoma galega, a Secretaría Xeral para o Deporte asinou, con data 19 de marzo de 2014, un convenio de colaboración coa Federación Galega de Rugby por importe total de noventa e seis mil trescentos dezaoto euros (96.318,00€) coa seguinte distribución entre anos e por programas:

<b>PROGRAMAS</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>	<b>2016</b>
<b>Gastos Xerais de Funcionamento</b>	<b>6.421,00€</b>	<b>6.421,00€</b>	<b>6.421,00€</b>
<b>Actividade Deportiva e Competitiva Ordinaria</b>	<b>12.657,00€</b>	<b>12.657,00€</b>	<b>12.657,00€</b>
<b>Programa de Tecnificación e Rendemento – Programa Río 2016</b>	<b>3.211,00€</b>	<b>3.211,00€</b>	<b>3.211,00€</b>



<b>Grupo Especial de Alto Rendemento – Programa Río 2016</b>	<b>0,00€</b>	<b>0,00€</b>	<b>0,00€</b>
<b>Actividade deportiva en Idade Escolar</b>	<b>4.817,00€</b>	<b>4.817,00€</b>	<b>4.817,00€</b>
<b>Outros proxectos de especial relevancia:</b>			
- <b>Campionato de España de seleccións autonómicas feminino(A Coruña).</b>	<b>2.000,00€</b>	<b>2.000,00€</b>	<b>2.000,00€</b>
- <b>Torneo Galicia - Portugal</b>	<b>3.000,00€</b>	<b>3.000,00€</b>	<b>3.000,00€</b>
<b>TOTAL:</b>	<b>32.106,00 €</b>	<b>32.106,00 €</b>	<b>32.106,00 €</b>

A cláusula novena do Convenio de Colaboración prevé a creación dunha comisión integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes do convenio (Secretaría Xeral para o Deporte e federación galega) coa finalidade de efectuar un seguimento do grao de execución dos programas previstos no convenio e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar.

Esta comisión constituíuse con data 13 de febreiro de 2015 e tal e como consta na acta asinada por Dña. Laura María Mosquera Escudero, subdirectora xeral de Plans e Programas e D. Sebastián Selas Díaz, xefe de Servizo de Deporte en Idade Escolar, en representación da Xunta de Galicia e D. José Ignacio Cociña Iglesias, presidente e D. Jose Antonio Porto Mato, director técnico, en representación da Federación Galega de Rugby, quedou informada de que co obxecto de concretar a preparación cara a Río 2016 a Secretaría Xeral para o Deporte vese obrigada a facer unha modificación do anexo I sen que esta supoña variación na contía asignada no mesmo, aínda que se establecerá un reparto económico diferente nos programas de actuación por parte da Federación Galega de Rugby así como una relación concreta dos deportistas galegos que conforman o grupo de preparación cara ás Olimpíadas de Río 2016.

Sen prexuízo do anteriormente exposto, a Secretaría xeral para o Deporte, establece a necesidade de incorporar unhas modificacións no texto do convenio sen que isto altere o obxecto do convenio

A tal efecto, as partes subscriben a presente addenda que se suxeitará as seguintes

### **CLÁUSULAS**

**Primeira.-** Acórdase reestruturar o cadro de financiamento que figura no convenio como anexo I co seguinte detalle:



<b>PROGRAMAS</b>	<b>2015</b>	<b>2016</b>
<b>Gastos Xerais de Funcionamento</b>	<b>6.421 €</b>	<b>6.421 €</b>
<b>Actividade Deportiva e Competitiva Ordinaria</b>	<b>11.657 €</b>	<b>11.657 €</b>
<b>Programa de Tecnificación e Rendemento</b>	<b>2.211 €</b>	<b>2.211 €</b>
<b>Grupo Especial de Alto Rendemento – Programa Río 2016</b> Ana Vanessa Rial Paula Medín López	<b>2.000 €</b>	<b>2.000 €</b>
<b>Actividade deportiva en Idade Escolar</b>	<b>4.817 €</b>	<b>4.817 €</b>
<b>Outros proxectos de especial relevancia</b> -Campionato de España sub 16, sub 18 y sub21 -Torneo Galicia - Portugal	<b>2.000 €</b> <b>3.000 €</b>	<b>2.000 €</b> <b>3.000 €</b>
<b>TOTAL:</b>	<b>32.106 €</b>	<b>32.106 €</b>

**Segunda.- Incorpóranse na cláusula número catro do convenio as seguintes obrigas da Federación:**

4.3. Con anterioridade ao primeiro dos pagos da presente subvención, a Federación dará cumprimento ao establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a través da inclusión da información na web federativa, no caso de que esta federación deportiva estea suxeita ao establecido no artigo 3 b) da devandita lei, recibindo durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros o cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros (Anexo VI)

4.4. Deberán velar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes así como cumprir o establecido na lei 197/2007 do 11 de xullo contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

4.5 Deberán colaborar, fomentar y facilitar a participación no deporte das persoas con algunha discapacidade, tal e como se establece no artigo 51 da lei 3/2012 do Deporte de Galicia.



**Tercera.- Incorpóranse na cláusula sexta do convenio, xustificación da subvención, as seguintes alíneas:**

6.6. No caso de asinar a Federación un convenio de colaboración con algún club deportivo para que desenvolva ou organice actividades deportivas ou competitivas, deberá achegarse dito convenio así como a relación de facturas xustificativas (ou certificación de gastos por parte da entidade), abonadas polo club, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do regulamento de subvencións de Galicia.

6.7. No caso de facturas que superen o importe de 9.000€, deberán achegarse al menos tres orzamentos de tres empresas diferentes e a xustificación da empresa elixida. Os orzamentos deberán solicitarse, e estar datados, con fecha anterior á contratación pola federación.

**Cuarta.- Incorpóranse na cláusula sétima do convenio, gastos subvencionables, as seguintes modificacións:**

Apartado c).: O programa de "Tecnificación e Rendemento – Programa Rio 2016", pasa a denominarse programa de "Tecnificación e Rendemento", por estar Rio 2016 incorporado noutro programa.

Apartado d).: No programa "Grupo especial de alto rendemento – Programa Rio 2016", inclúense como gastos subvencionables os detallados a continuación:

Os gastos xustificados neste programa farán referencia ao grupo de deportistas vinculados o grupo especial alto rendemento Programa Rio 2016, comprendéndose os seguintes gastos:

- a. Persoal técnico deportivo (salarios, IRPF, Seguridade Social): Director técnico, adestradores, e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo (fisioterapeuta, psicólogo, masaxista, nutricionista, etc).
- b. Gastos de aloxamento e manutención dos deportistas incluídos no programa: aluguer, mantemento, consumos auga, electricidade e gas.
- c. Material deportivo (non inventariable) e roupa deportiva do grupo de deportistas incluídos no programa.
- d. Gastos de desprazamento e manutención das concentracións, adestramentos e competicións.
- e. Gastos de combustible derivados dos desprazamentos relacionados coa práctica deportiva.



**Quinta.- Incorpóranse na cláusula oitava do convenio, gastos non subvencionables, as seguintes alíneas :**

- g) Os premios en metálico ou obsequios a deportistas.
- h) As axudas económicas a deportistas. Poderanse excepcionalizar aquelas autorizadas por esta Secretaría Xeral previa solicitude e entrega por parte da federación do obxecto da axuda así como dos criterios e baremos aplicables para a súa concesión. Estas axudas deberán ser de igual contía para homes que para mulleres nos mesmos niveis deportivos.
- i) As axudas económicas a entidades. Poderanse excepcionalizar aquelas autorizadas por esta Secretaría Xeral previa solicitude e entrega por parte da federación do obxecto da axuda así como dos criterios e baremos aplicables para a súa concesión.

**Sexta.- Incorpóranse o anexo VI coa certificación de cumprimento coa Lei 3 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno da federación.**

**ANEXO VI**

Don/Dona <u>FRANCISCO JAVIER Fdez. ROSAS</u>			
Secretario/a da Federación Galega de <u>RUGBY</u>			
CERTIFICA:			
Que segundo o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a través da inclusión da información na web federativa, esta federación deportiva;			
SI	<input type="checkbox"/>	NO	<input checked="" type="checkbox"/>
está suxeita ao establecido no artigo 3 b) da devandita lei,			
<input type="checkbox"/>	recibindo durante o período do ano 2014, axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros		
<input type="checkbox"/>	ou cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.		
E para que conste, expido o presente certificado,			
En <u>SANTIAGO</u>		a <u>31</u>	de <u>JULIO</u> de 2015
O Secretario		Visto e prace, O Presidente	



En proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan a presente addenda no lugar e data reseñado no encabezamento.

**O secretario xeral para o Deporte**



**José Ramón Lete Lasa**

**O presidente da Federación Galega de Rugby**

**José Ignacio Cociña Iglesias**